

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2019.

Asistentes

ALCADESA:

M.^ª CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ
M.^ª TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
M.^ª ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
M.^ª ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA
OLGA QUINTANA DEVESA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PsdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA

SECRETARIO:
MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

---***---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as vinte horas (20.30) do día vintecinco de xaneiro do dous mil dezanove, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros relacionados no encabezamento, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, D.^ª. M.^ª Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

A sesión, convocada para as 20.00 horas, iniciouse ás 20.30. A Alcaldesa agradeceu a boa disposición dos portavoces para modificar a hora de inicio da sesión, por razóns de axenda (a celebración dunha asemblea xeral do Grupo de Desenvolvemento Local, GDR 10 Limia-Arnoia).

Sen incidencias.

En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación na sesión do 26 de outubro de 2018, en materia de administración electrónica, na que se aprobou a adaptación dos libros de

actas e de resolucións a soporte electrónico, a gravación da presente sesión vai efectuarse en modo audio e vídeo que recollerá a literalidade das intervencións. Todos os concelleiros e concelleiras poderán ter acceso directo á dita gravación a través da URL <https://www.youtube.com/watch?v=TaRITVAdsis>.

Segundo o citado acordo plenario, ademais dos demais datos preceptivos, a acta reflectirá o contido dos acordos alcanzados.

As gravacións íntegras da sesión quedan depositadas en Secretaría a disposición de todos os membros da Corporación.

ORDEN DO DÍA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 23.11.2018.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE ALLARIZ EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA.- Aprobación, se procede.**
4. **CAMIÑOS ESCOLARES DE ALLARIZ.- Aprobación, se procede, dunha solicitude á Deputación Provincial de remodelación da OU-0108 ao seu paso pola zona da Barreira para camiño escolar.**
5. **Moción do BNG en defensa da sanidade pública.**
6. **Moción do PP a favor de dedicar unha praza da Vila a D. José Luis Mascareñas Cid.**
7. **Moción do PP sobre a insuficiencia das partidas incluídas no primeiro proxecto de lei dos Orzamentos Xerais do Estado para a Comunidade Autónoma de Galicia.**
8. **Moción do PSdeG-PSOE sobre a financiación da Xunta de Galicia ós concellos.**
9. **Moción do PsdeG-PSOE sobre a realización de visitas guiadas ao Mosteiro de Santa Clara de Allariz.**
10. **_Rogos e preguntas.**

---***---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 23.11.2018.**

Apróbase pola unanimidade dos trece que legalmente integran esta coporación local, sen modificación algunha.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala a Alcaldesa.

3. **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE ALLARIZ EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA.- Aprobación,**

se procede.

Visto o convenio do que deu conta a Alcaldesa.

De conformidade co dictamen da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 22 de xaneiro de 2019, o Pleno da Corporación, pola unanimidade dos trece concelleiros que integran esta Corporación local, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o Convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Allariz en materia de recadación en vía executiva co seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valeriano Martínez García, na súa condición de Presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en nome e representación da devandita entidade, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

E doutra parte, Dona M.^a Cristina Cid Fernández, Alcaldesa do Concello de Allariz, en nome e representación do mesmo, en virtude do disposto no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

I

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia (en diante ATRIGA) e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan da competencia da ATRIGA, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

II

No marco da colaboración mutua entre as Administracións Públicas e conforme o principio de colaboración establecido no artigo 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ambas partes consideran que sería moi beneficioso establecer un sistema estable de colaboración mutua na xestión recadatoria entre a Atriga e as Entidades locais.

Así mesmo tanto o artigo 10 como o artigo 55.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local establecen o principio de colaboración entre a Administración local e o resto de administracións públicas. Neste sentido o artigo 57 de dita lei establece que, con carácter xeral, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e o resto de Administracións Públicas territoriais poderán ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que se suscriban.

Pola súa parte o artigo 7 dos Estatutos da Axencia Tributaria de Galicia, aprobados polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, dispón que a Axencia Tributaria de Galicia poderá suscribir convenios de colaboración coas entidades públicas instrumentais integradas no sector público autonómico de Galicia e demais entidades instrumentais integradas nel ou con outras administracións públicas ou entidades dependentes das mesmas, nos ámbitos de actuación que, directa ou indirectamente, lle son propios.

III

Por outra banda, o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sinala que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, axustarán a súa actuación aos principios de lealdade

institucional, colaboración e cooperación para o exercicio das competencias que lles corresponda e eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV

O apartado 1 do artigo 8º texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispón que as Administracións Tributarias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais colaborarán en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e réxime xurídico

A Axencia Tributaria de Galicia asume a xestión recadadora executiva que lle encomende o Concello de , (en diante o Concello), dos tributos e calquera outro recurso de dereito público do que sexa titular o Concello.

A devandita recadación rexerase:

- Pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Polo Real Decreto Legislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e polas normas e demais disposicións que poidan ditarse no seu desenvolvemento.
- Polo Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadadora da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de Zona.
- En xeral, pola normativa vixente aplicable en materia de xestión recadadora.
- Polas cláusulas deste convenio.

SEGUNDA.- Ámbito de aplicación

O disposto no presente convenio aplicarase ás débedas cuxa xestión recadatoria se encomende polo Concello á Axencia Tributaria de Galicia, a través dos órganos de recadación da mesma e empregando os medios de información e procedementos técnicos desenvolvidos pola Axencia na recadación executiva dos dereitos da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos dependentes.

Para a xestión recadatoria que se leve a cabo fora do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia estarase ao disposto no Convenio asinado entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a administración tributaria da Xunta de Galicia para a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público da Comunidade Autónoma o 22 de setembro de 2006.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello e da Axencia Tributaria de Galicia

1.- Corresponde ao Concello :

1. Resolver os recursos e incidencias relacionadas coas liquidacións das débedas a recadar.
2. Expedir as providencias de constrinximento e resolver os recursos de reposición interpostos contra estas, así como tramitar e resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado, informando desta circunstancia á Axencia Tributaria de Galicia, con indicación, de ser o caso, da garantía proporcionada.
3. Acordar a declaración de crédito incobrable, de conformidade co artigo 173.1 b) da Lei Xeral Tributaria, a proposta dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

2.- Corresponde á a Axencia Tributaria de Galicia.

- Levar a cabo as actuacións do procedemento de constrinximento non citadas no punto 1 anterior.
- Resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pagamento en período executivo, sen prexuízo de que do Concello poida recabar esta función cando o considere oportuno.
- Resolver as terzarías que se poidan promover no curso do procedemento de constrinximento.
- Coñecer e resolver os recursos de reposición interpostos contra actos de xestión recadadora ditados polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia en vía executiva, así como tramitar e

resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado.

- Tramitar e resolver as solicitudes de suspensión automática do procedemento nas reclamacións económico-administrativas interpostas contra actos dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

A Axencia Tributaria de Galicia dará coñecemento dos recursos que fosen certificados no proceso concursal ao Concello, o cal poderá asumir a súa defensa se o considera oportuno.

- A adopción de medidas cautelares nos termos previstos no artigo 81 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.
- A execución de garantías consonte ó establecido no artigo 168 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.
- Propor, se é o caso, ao Concello, e unha vez realizadas as correspondentes actuacións, que dite o acto administrativo de derivación de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, cando a Axencia Tributaria de Galicia, no curso do procedemento de recadación dunha débeda do Concello teña coñecemento dalgún dos supostos de derivación de responsabilidade.

Non obstante o anterior, corresponderá á Axencia Tributaria de Galicia a declaración de responsabilidade nos supostos de sucesión ós que se refiren os artigos 39, 40 e 42.1c, da Lei Xeral Tributaria, así como nos casos de responsabilidade de persoas depositarias de bens embargados ós que se refire o artigo 42.2 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Corresponde a ámbalas dúas administracións:

Establecer un sistema de información para colaborar na eficacia recadadora do Concello.

Atender as actuacións realizadas polos interesados e admitir os documentos presentados por estes ante os órganos de ámbalas dúas administracións, que serán comunicados ou remitidos ó órgano competente.

CUARTA.- Procedemento

1.- Iniciación da actividade recadadora e cargo de valores.

Vencidos os prazos de ingreso en período voluntario sen satisfacerse as débedas, o órgano competente do Concello expedirá a correspondente providencia de constrinximento, consonte establece o artigo 167.1 da Lei Xeral Tributaria, que conterá como mínimo os datos que se especifican no artigo 70.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Unidade Administrativa designada para o efecto polo Concello remitirá ao órgano competente da Axencia Tributaria de Galicia as débedas constrinxidas nas que a xestión se encomende á Axencia Tributaria de Galicia nos termos do presente convenio. Comunicaranse estes datos en formato de ficheiro e/ou rexistrados directamente na aplicación a través dun acceso remoto.

Non obstante, non poderán remitirse providencias correspondentes a débedas prescritas ou suspendidas, e a aquelas cuxo importe sexa inferior a 20 €. Esta cantidade poderá ser revisada pola Axencia Tributaria de Galicia e será comunicada ao Concello.

2.- Aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.

As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pagamento de débedas presentaranse polos obrigados ao pagamento no Departamento de Recadación das Delegacións da Axencia Tributaria de Galicia ou nas Zonas de Recadación en que deba producir efecto o pagamento.

Cando as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento se presenten ante o Concello, aquelas remitiranse ao Departamento de Recadación da Delegación que corresponda en función do territorio do Concello, nun prazo máximo de dez días naturais dende a presentación da solicitude.

3.- Suspensión do procedemento.

A suspensión do procedemento pola interposición de recursos e reclamacións producirase nos mesmos casos e condicións que para as débedas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- Ingresos.

O cobro das débedas obxecto do presente convenio só poderán realizarse polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia a través de entidades colaboradoras polos medios e procedementos establecidos para a recadación en vía de constrinximento.

Se se producira o cobro por parte do Concello dalgún dereito para o que se iniciase o procedemento executivo, deberá remitirse ó órgano recadador certificación acreditativa, con descargo da parte certificada. En tal caso, o procedemento continuará pola parte pendente, se a houbera, de débeda principal, recarga e custas producidas.

5.- Devolución de ingresos indebidos.

A Axencia Tributaria de Galicia practicará as devolucións de ingresos indebidos que sexan consecuencia de incidencias no proceso de recadación en período executivo.

6.- Alleamento de bens e dereitos.

Para os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 172.3 da Lei Xeral Tributaria, o Concello comunicará ao Departamento de Recadación da Delegación que estea xestionando a débeda se o acto de liquidación desta é firme.

Non obstante, con carácter previo ó acordo de alleamento dos bens embargados, a Axencia Tributaria de Galicia poderá solicitar do Concello información sobre a firmeza ou non da débeda, debendo aquel contestar no prazo dun mes.

7.- Adxudicación de bens ao Concello.

Cando no procedemento de alleamento algún dos bens embargados ou proporcionados en garantía non se adxudicara, o Concello poderá adxudicarse os ditos bens nos termos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación para a adxudicación de bens ó Estado, coas seguintes particularidades:

1ª.- A Axencia Tributaria de Galicia ofrecerá ao Concello a adxudicación, indicando se existen cargas ou gravames preferentes ao dereito daquel, o importe dos mesmos e o valor no que deberán ser adxudicados os bens.

2ª.- O Concello deberá comunicar a resolución adoptada á Axencia Tributaria de Galicia como máximo no prazo de corenta e cinco días naturais.

Entenderase non aceptada a adxudicación unha vez transcorrido o devandito prazo sen contestación expresa.

8.- Custas do procedemento.

Ten a consideración de custas do procedemento de constrinximento, os gastos que se orixinen, derivados da actuación recadadora, especificados no Regulamento Xeral de Recadación.

As custas nas que incorreran os debedores, e que non poidan ser cobradas a estes, correrán a cargo do Concello, minorando o importe a transferir a este na liquidación mensual.

9.- Datas.

Os órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia datarán as débedas constrinxidas por algún dos motivos establecidos na lexislación vixente, así como polo disposto nas cláusulas deste convenio.

A xustificación das datas por insolvencia realizarase nos mesmos termos que para as da Comunidade Autónoma e á vista, de ser o caso, da información adicional que subministrara o Concello. O Concello poderá solicitar aclaración se, ao seu xuízo, non estiveran realizados tódolos trámites.

No caso de que o Concello tivera, posteriormente, coñecemento de datos que non utilizasen na xestión da débeda por insolvencia que permitira a realización de dereito poderá incluír novamente a débeda nun seguinte envío mensual, acompañando documentación xustificativa da súa nova incorporación.

QUINTA.- Custe do servizo

O custe por inicio de xestión será de tres euros e cincuenta céntimos (3,5 €) por cada providencia de constrinximento remitida polo Concello, de acordo co disposto no punto 1 da cláusula cuarta deste convenio.

O custe pola xestión de cobramento realizada será o importe que resulte de aplicar as porcentaxes das recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

O custe previsto nesta cláusula, poderá ser revisado anualmente de mutuo acordo.

SEXTA.- Liquidacións e transferencias de fondos ao Concello

Dentro dos quinze primeiros días de cada mes, a Axencia Tributaria de Galicia practicará liquidación pola xestión recadadora realizada no mes anterior por conta do Concello, procedendo a transferir a conta bancaria que con este fin designase o Concello, o importe resultante, que será a diferenza entre as cantidades recadadas e o custe do servizo.

SÉTIMA.- Información ao Concello

A Axencia Tributaria de Galicia remitirá seguinte información ao Concello:

— Mensualmente, os movementos detallados de débedas segundo a liquidación a que se refire a cláusula

sexta.

- Trimestralmente, a información relativa á totalidade da xestión recadadora contabilizada no período por conta do Concello.
- Anualmente, a información relativa ao estado en que se atopa a totalidade da débeda remitida polo Concello para a xestión de cobro e que ao final do exercicio figura como pendente.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co procedemento de recadación establecido por este convenio que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión e control, crearase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta polo/a Xefe/a do Departamento Central de Recadación da Axencia Tributaria e a persoa que designe o Concello.

As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas por esta comisión.

A comisión reunirse a pedimento dalgunha das partes.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexerese, en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente cláusula, pola normativa específica en vigor.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente Convenio terá unha vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Para as causas de resolución e efectos desta observarase o disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décima.- Natureza administrativa

Este convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

O presente convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno de Galicia.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asínase, por duplicado, o presente convenio.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Axencia Tributaria de Galicia.

TERCEIRO. Facultar á Alcaldesa tan amplamente como en dereito proceda para a execución do presente acordo e, en particular, para firmar o texto do convenio de colaboración que resulte da redacción definitiva, se fora precisa introducir algunha variación no presente texto inicial.

4. CAMIÑOS ESCOLARES DE ALLARIZ.- Aprobación, se procede, dunha solicitude á Deputación Provincial de remodelación da OU-0108 ao seu paso pola zona da Barreira para camiño escolar.

Vista a proposta da alcaldía;

Dadas todas explicacións oportunas requeridas.

De conformidade co dictamen da comisión de facenda, persoal e réxime interior de data 22 de xaneiro de 2019, o Pleno da Corporación, pola unanimidade dos trece concelleiros que integran esta Corporación local, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a proposta de data 17 de setembro de 2019 nos seguintes termos:

O 24 de xullo de 2015 o Presidente da Deputación Provincial remitía unha carta ao Concello

de Allariz, no que comunicaba o interés en manter unha "canle de comunicación permanente co Concello, procurando a prestación dos servizos públicos coa máxima calidade, pois tódolos veciños e veciñas da provincia teñen os mesmos dereitos residan onde residan".

Continuaba, ennumerando os diferentes campos de cooperación: infraestruturas, actuacións culturais, deportivas, enerxéticas, medioambientais, etc, todo elo enmarcado dentro do Plan de Goberno Ourense 2015-2019.

En base a este escrito, o 11 de xullo remítese contestación por parte do alcalde, Francisco García, na que se solicita unha entrevista para avanzar nos proxectos prioritarios a acometer en colaboración coa Deputación dentro dese Plan 2015-2019.

O 7 de setembro do mesmo ano, comunícanse por escrito as prioridades a executar no Concello dentro dese plan de Goberno.

Do encontro mantido, o Presidente da Deputación adquire diferentes compromisos, do que se efectivizou no ano 2016 a colaboración no Festival Internacional de Xardíns por importe de 15.000 euros, (a metade do comprometido), e a primeira fase de asfaltado da OU-0108 no ano 2017.

A pesar de que en agosto de 2018 o Presidente da Deputación volve a adquirir o compromiso de remitir a este Concello, o proxecto da segunda fase de adecuación da O U - 0108 ao seu paso pola Barreira para facer un acceso seguro ao CEIP Padre Feijóo, a día de hoxe non só non está executada a obra, senón que nin foi remitido o mencionado proxecto, para que o Concello poda estudar os cambios con respecto ao inicial presentado polo Concelto no 2016.

Na actualidade máis de 450 nenos e nenas estudan no colexio de infantil e primaria. A inmensa maioría leva participado en todos os programas destinados a concienciar á comunidade educativa da importancia da posta en marcha de Camiños Escolares, e tanto a Policía, como o propio colexio teñen elaborado e posto en marcha experiencias con gran éxito.

Sen embargo, todo este traballo de concienciación non se ve acompañado da execución das obras comprometidas por parte da Deputación.

Por este motivo, esta Alcaldía considera necesario trasladar o compromiso de toda a Corporación Municipal co proxecto de Camiños Escolares, á Deputación Provincial.

Por todo o exposto, ACÓRDASE:

Solicitar á Deputación Provincial a execución das obras comprometidas e descritas no proxecto técnico remitido polo Concello o día 1 de xullo de 2016.

SEGUNDO. Dar trar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.

TERCEIRO. Facultar tan amplamente como en dereito proceda á Alcaldesa para a execución do presente acordo.

5. Moción do BNG en defensa da sanidade pública.

Vista a moción de data 21-01-2019 promovida polo BNG da que deu conta a concelleira responsable da Área de Benestar Social, María Isabel Poisa Rey, nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feijóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas á sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes contínuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feijóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana a 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

I. Instar á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de rectificación da política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

a) Aumento do orzamento destinado a Sanidade.

b) Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos/ substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia I aumento das prazas de formación de especialistas, MIR

c) Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

d) Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs/ Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.

e) Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios.

f) Eliminación dos copagos farmacéuticos.

Allariz, 21 de xaneiro de 2019.

Debatida amplamente moción nos termos expostos, someteuse a votación.

Resultado da votación:

VOTOS A FAVOR: 10 [BNG (9) e PsdeG-PSOE (1)]
VOTOS EN CONTRA: 3 (PP)

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal dos membros da corporación.

6. Moción do PP a favor de dedicar unha praza da Vila a D. José Luis Mascareñas Cid.

Vista a moción de data 22-01-2019 promovida polo PP da que deu conta a súa portavoz, Luz Doporto Real, nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A historia de Allariz é motivo de orgullo para todos os allaricanos, de nacemento ou de adopción, desde a época dos asentamentos castrexos, pasando pola sinal deixada polo reino svevo que lle deu o nome de Vila Aliaricii e polo momento en que Alfonso VII dótaa de foro real.

Segundo Cid Rumbao en Allariz puido nacer o que logo sería Fernando III o Santo, pero lenda ou non, o certo é que o seu fillo Alfonso X pasou nestas terras parte da súa infancia, onde aprendeu o galego-portugués que utilizou na composición de polo menos dez Cantigas que se lle atribúen.

Seguindo o fío da Historia, atopámonos coa reivindicación que fai D. Avelino Rodríguez dos catorce anos que viviu o Pai Feijóo nas beiras do Arnoia, onde aprendeu as súas primeiras letras.

Vicente Risco pasou parte da súa vida en Allariz, onde se inspirou para o seu traballo "Un caso de licantropía (o home lobo)", e aquí naceu o seu fillo Antón Risco, escritor e crítico literario. Tamén naceron na Vila o xornalista Marcial Suárez, o escritor e cronista Alfredo Cid Rumbao, mencionado anteriormente e o fotógrafo Xosé Suárez Fernández.

Pero temos tamén grandes figuras actuais ás que podemos render homenaxe en vida, sen ir máis lonxe, estes días pasados honramos a Iván Feijóo, presente e futuro do deporte. Pero é obrigado apuntar a figura de D. José Luís Mascareñas, Catedrático de Química Orgánica na Universidade de Santiago, membro da Academia Europea das Ciencias (EURASC), dentro da división de química na que tamén están os Premios Nobel Barry Sharpless e Jean-Pierre Sauvage, sendo un dos catro españois que foron distinguidos con esa honra.

Se repasamos a vida do Doutor Mascareñas vemos que os éxitos na súa carreira remóntanse anos atrás. D. José Luís, nacido en Allariz, licenciouse en Química no ano 1984 e doctorouse en 1988 cos profesores Antonio Mouriño e Luís Castedo na Universidade de Santiago de Compostela.

Pasou dous anos da súa etapa postdoutoral na Universidade de Stanford, baixo a supervisión do Profesor Paul Wender, e despois do seu regreso a España, en 1993 pasou a ser Profesor Titular da USC e obtendo a Cátedra no ano 2004.

Ao longo da súa carreira docente e investigadora dirixiu 19 Teses Doutorais, e cinco dos seus estudantes de doutoramento conseguiron un contrato de investigación Ramón e Cajal. Publicou máis de 110 traballos e realizado máis de 60 conferencias convidadas.

Requirida a súa presenza nas máis prestixiosas universidades do mundo, foi científico visitante nas Universidades de Harvard nos veráns de 1992 e 1995, Cambridge no 2009 e no MIT no ano 2013.

No ano 2009 recibiu o premio de Química Orgánica da Real Sociedade Española de Química, e no ano 2013, o Consello Europeo de Investigación concedeuulle unha axuda ERC Advanced Grant para o seu proxecto METBIOCAT, que investiga a aplicación dos métodos de síntese química con catalizadores metálicos para conseguir reaccións en células vivas.

Posteriormente foi distinguido coa Medalla de Ouro 2015 da Real Sociedade Española de Química (RSEQ), e ese mesmo ano foi nomeado director científico do CIQUS. (Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares), onde lidera un grupo de persoas que realizan investigación de impacto, investigacións innovadoras na fronteira do coñecemento, como son un programa de síntese, centrado no desenvolvemento de novos procesos catalizados por metais, e un programa bioorgánico orientado ao deseño de novos péptidos de unión a ADN e proteínas.

Por todo o exposto, consideramos de xustiza que Allariz, representado neste Pleno da Corporación, recoñeza a valía do seu veciño D. José Luís Mascareñas Cid coa imposición do seu nome á praza do Couto, dado que ademais nese enclave atópase a súa casa familiar, elevándose ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Cambiar a denominación da praza do Couto renometrándoa como Praza "DOUTOR JOSÉ LUÍS MASCAREÑAS CID"

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo a D. José Luís Mascareñas Cid, á súa familia e aos titulares dos inmobles sitos na nova rúa.

Allariz, 22 de Xaneiro de 2019

Debatida amplamente moción nos termos expostos, acordouse pola unanimidade dos trece concelleiros que integran esta Corporación local **deixar sobre a mesa** a moción presentada co compromiso de celebrar unha reunión dos grupos municipais para abordar os aspectos que conflúen nos recoñecementos e distincións honoríficas da institución Concello de Allariz.

7.- Moción do PP sobre a insuficiencia das partidas incluídas no primeiro proxecto de lei dos Orzamentos Xerais do Estado para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Vista a moción de data 22-01-2019 promovida polo PP da que deu conta a concelleira, María del Carmen Pérez González, nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El proyecto de Presupuestos Generales del Estado (PGE) de 2019 ha castigado a Galicia especialmente como nunca antes había ocurrido en España bajo ningún Gobierno, previendo una inversión de 757,1 millones de euros un 19,1% menos respecto al ejercicio 2018.

Galicia es la autonomía mas perjudicada, pierde tres puntos de inversión, seguida de la comunidad de Madrid, que se deja dos. Siendo paradójico que las comunidades que mas incumplen como Cataluña, Valencia y Andalucía resulten las grandes premiadas en este reparto.

Desde el partido Popular de Allariz nos parece inaceptable la política de inversión discriminatoria para con nuestra Comunidad Autonoma, considerando que estos son unos presupuestos, para que el presidente Pedro Sanchez continúe en la Moncloa.

Galicia no puede ser la pagadora de las deudas adquiridas de Pedro Sanchez con el independentismo, y esto es claro y manifiesto para todos los sectores de la Sociedad.

En base a lo expuesto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular de Allariz solicita da Corporación en Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Solicitar al Parlamento y al Gobierno de la Xunta de Galicia, un rechazo unánime por insuficientes las partidas incluídas en el primer proyecto de ley de los PGE.

2.- Solicitar a la FGAMP que se reclame el "Fin del Trato discriminatorio" del Gobierno Central en el reparto de los fondos del Estado.

Allariz a 22 de Enero de 2019

Debatida amplamente moción nos termos expostos, someteuse a votación.

Resultado da votación:

VOTOS A FAVOR: 12 [PP (3) e BNG (9)]
VOTOS EN CONTRA: 1 PsdeG-PSOE (1)

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal dos membros da corporación.

8. Moción do PSdeG-PSOE sobre a financiación da Xunta de Galicia ós concellos.

Vista a moción de data 16-11-2018 promovida polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, da que deu conta a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

Algunhas administracións galegas, concretamente algunhas Deputacións Provinciais, unificaron os antigos plans de investimentos e en convocatorias únicas anuais que permiten aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, adoptando para a distribución dos mesmos criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu "a dedo" e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas, cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva.

En Allariz a 16 de novembro de 2018.

Debatida amplamente moción nos termos expostos, someteuse a votación.

Resultado da votación:

VOTOS A FAVOR:	10	[BNG (9) e PsdeG-PSOE (1)]
VOTOS EN CONTRA:	3	PP (3)

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal dos membros da corporación.

9. Moción do PsdeG-PSOE sobre a realización de visitas guiadas ao Mosteiro de Santa Clara de Allariz.

Vista a moción de data 22-01-2019 promovida polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, da que deu conta a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das “xoiás” máis importantes coa que conta o Concello de Allariz é o seu Mosteiro de Santa Clara. Un conxunto monumental que non está aberto a visitas e que polo tanto non pode ser contemplado nin admirado nin pola veciñanza nin pola poboación en xeral. Unha “xoiá” que non pode ser desfrutada.

Segundo recollen os anais da historia, o Mosteiro de Santa Clara de Allariz foi fundado alá polo ano 1282 por Violante, Reina de Castela e León, e dona de Alfonso X O Sabio. Un conxunto que destaca polo seu estilo monumental de grandes dimensións, acordes có rango da súa impulsora e patrocinadora. Na súa construción mestúranse os estilos Gótico e Barroco. O edificio conventual remodelouse no século XVIII, logo dun gran incendio, sendo entón cando se construíron as actuais edificacións. No século XIX logo da invasión francesa e a desamortización, queda no abandono durante unha época, deica que recupera o seu crecemento a mediados de século, chagando aos nosos días no estado actual.

O mosteiro pecha un dos frontes dun espazo irregularmente cuadrangular e amplo, denominado “Campo da Barreira”. O edificio está organizada en torno a un gran claustro de 3.364 metros cadrados, que ven a ser un dos máis grandes do noso país. Asemade destaca de xeito especial a igrexa que foi construída por terceira vez no ano 1759.

Outras dúas “xoiás” de sonada importancia que se conservan nas dependencias monacais son a Virxe Abrideira, delicada peza de marfil de 32 cm. e a cruz de cristal de roca; ademais de retablos, imaxes e diferentes pezas de ourivaría. Destaca tamén o órgano actual de 1.254 tubos e que foi adquirido no ano 1815.

A realidade actual é que a vila de Allariz conta cun importante conxunto arquitectónico monacal que non pode ser visitado de xeito habitual nin desfrutado pola cidadanía en xeral. Unha das pezas máis importantes do turismo cultural do noso concello, a día de hoxe non pode ser contemplado.

Por outra banda, a instancias desta Concelleira, a mediados do ano 2018 e por petición da Deputada Noela Blanco do Grupo Socialista do Parlamento Galego, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais, deu resposta a unha pregunta escrita presentada polo PSdeG-PSOE na que se achega a relación de investimentos realizados pola Xunta de Galicia, en concreto pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dende o ano 1998 no Mosteiro, que son os seguintes:

- *Ano 1985. Obras de intervención Convento de Santa Clara 1ª fase → 71.205,09 €.*
- *Ano 1988. Obras de intervención, 2ª fase → 200.334,21 €.*
- *Ano 1991. Reformado segunda fase → 28.977,81 €.*
- *Ano 1998. Acondicionamento locais expositivos, honorarios proxecto → 4.627,79 €.*
- *Investimento total → 305. 144,90 €.*

Resulta evidente que a inversión de fondos públicos realizada no cenobio de Allariz ten que repercutir na cidadanía. Para elo a mellor fórmula é a realización dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia (Axencia de Turismo de Galicia), Deputación Provincial de Ourense, Concello de Allariz e a Orde das Irmás Pobres de Santa Clara, para que determinados espazos do mosteiro poidan ser visitados e contemplados.

O convenio de colaboración para a realización de visitas guiadas ao Mosteiro de Santa Clara en Allariz, vai precisar da contratación de persoal para realizar este servizo durante unhas horas ou días determinados, a edición de documentación para promocionar as visitas ao propio monumento, o acondicionamento e mantemento dos espazos que se abran ao público, o desenvolvemento dun programa didáctico para escolares, a instalación de material interpretativo que facilite a comprensión dos procesos históricos e construtivos polos que pasou o cenobio, a organización de percorridos guiados, a edición de materias de difusión e promoción así como aquelas actividades que complementen a oferta do programa de visitas guiadas

Con esta actuación a potenciación do turismo cultural na vila allaricana experimentaría un crecemento importante e sería un aliciente máis e un atractivo singular para as persoas que se achegan ao noso municipio. Esta medida suporá un importante elemento de dinamización do Concello e o súa contorna, así como un impulso para que dito monumento sexa coñecido e valorado.

Allariz precisa ampliar a súa oferta cultural e turística. Un dos monumentos arquitectónicos cos que conta o vila non pode permanecer pechado e escondido. Os recursos públicos empregados na súa restauración teñen que ter retorno a cidadanía. Resulta perfectamente compatible o uso relixioso do cenobio coas visitas guiadas as partes máis importantes do monumento. O acceso as instalacións non pode depender de decisións unilaterais nin da achega voluntaria. É tempo de mudar esta anomalía histórica, para que o conxunto arquitectónico monacal no este de costas á cidadanía. Os tempos son chegados.

Por toda canto queda exposto, vimos a propoer ao Pleno da Corporación de Allariz a adopción do seguinte,

ACORDO:

Instar as diferentes administracións públicas competentes na materia a que xunto có Concello de Allariz, asinen un convenio de colaboración para a realización de visitas guiadas ao Mosteiro de Santa Clara de Allariz, como impulso a dinamización do turismo cultural no noso Concello.

En Allariz a 22 de xaneiro de 2019.

Debatida amplamente moción nos termos expostos, someteuse a votación.

Resultado da votación:

VOTOS A FAVOR: 10 [BNG (9) e PsdeG-PSOE (1)]
VOTOS EN CONTRA: 3 PP (3)

Queda aprobada a moción pola maioría absoluta legal dos membros da corporación.

10. Rogos e preguntas.

10.1 Grupo municipal do Partido Popular.

10.1.1 Mediante escrito de data 24 de xaneiro de 2019, o concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formulou en relación coas **obras que se están levando a cabo na edificación da parcela de Cardanachama** con ref. catastral 6326905 NG9762N formula seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cumpre a condición de illada a edificación actual?
- 2.- ¿Cumpre a edificación a condición de ocupación máxima permitida?
- 3.- ¿Cumpre a parcela a condición de parcela mínima?
- 4.- ¿A edificación existente na parcela está en situación de fora de ordenación?
- 5.- ¿O acceso peonil e o acceso rodado prodúcese desde espazo público?
- 6.- ¿De que tipo de autorización ou licenza dispoñen as obras executadas?
- 7.- ¿Axústanse as obras executadas ás obras permitidas nas edificación en situación de fora de ordenación?
- 8.- ¿Correspóndense as obras executadas coas indicadas na comunicación previa?
- 9.- ¿Ordenou o Concello a paralización das citadas obras? Si e así, ¿en que data?
- 10.- ¿Tomou medidas a Alcaldesa para a reposición da legalidade?

Contesta a Alcaldesa sinalando que, por un criterio de prudencia, hai que esperar a que se resolva o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado a raíz dunha denuncia presentada en relación con estes feitos, xa que afecta a diversas cuestións de índole urbanística e mesmo civiles. Considera que non resulta prudente por parte da alcaldía que haxa un pronunciamento en tanto se tramita o expediente. Podería entenderse que por parte da alcaldía habería falta de neutralidade. En definitiva, recoñece que hai un expediente aberto a raíz dunha denuncia presentada que en breve estará resolto.

O concelleiro insiste en que hai dúas preguntas que se poden responder: cando se deu inicio a este expediente e en segundo lugar se se ordenou a paralización das obras.

A Alcaldesa explica que neste momento non se están executando obras.

O concelleiro afirma que se estiveron executando até fai pouco.

10.1.2 Mediante escrito de data 24 de xaneiro de 2019, a portavoz do grupo municipal do Partido Popular sinala que o pasado día 16 de xaneiro tivemos o pracer de asistir ao **recoñecemento** que desde este Concello e diversas entidades locais relacionadas co deporte realizouse a **Iván Feijoo**, figura do **ciclo cros** que conseguiu recentemente proclamarse **campión de España junior** na devandita modalidade.

E aproveitando que en Allariz recentemente construíuse unha ruta BTT, e que simplemente está pendente da firma do convenio coa Xunta de Galicia, que será en breve, para a homologación autonómica das novas rutas de bicicleta de montaña postas en marcha entre Allariz e Vilar de Santos, nas que se realizou un investimento de 49.000 euros dos cales o 65% foi achegado pola comunidade autónoma e tendo en conta que en Allariz temos a Iván Feijoo, ciclista recente gañador do Campionato de España e agora mesmo loitando por alcanzar o campionato do mundo, polo que presenta o seguinte Rogo..:

Que tendo en conta o anteriormente exposto e o expresado días atrás no seu recoñecemento, déaselle o nome de Iván Feijoo á ruta BTT que en breves será homologada.

Responde a Alcaldesa sinalando que se toma razón do rogo pero que mantén os mesmos criterios xa expostos con ocasión do debate mantido sobre a moción referente ao recoñecemento de D. José Luis Mascareñas Cid. Niste caso, Iván Feijoo nin sequera ten cumpridos 20 anos. En situacións similares a este caso tamén está Francisco Suárez Canal, varias veces campión de España na modalidade de 400 m vallas, que non foi ás Olimpíadas celebras en Munich no ano 1972 porque sufriu unha lesión xustamente un pouco antes; Felipe Iglesias, campión de España, subcampión de Europa e campión do mundo de Judo no 2015, tamén no 2017 e nomeado pola Federación Internacional de Judo *millor deportista do mundo*; Javier Pardo, en automovilismo, que acaba de ser campión de España, despois de selo no 2016 e no 2017, que este domingo fará un saque de honor na Cidade Deportiva de O Seixo, xa que o ano pasado non pudo asistir ao recoñecemento; tamén temos a Tamara Silva na disciplina de Judo que é medallista en distintos campionatos de España; Clara Fidalgo, xogadora de baloncesto, participante na categoría cadete e participante durante catro anos consecutivos na selección galega e convocada para a selección española.

En definitiva, por sorte para Allariz hai unha serie de deportistas competindo na élite, salvo a caso de Suárez Canal, dos que se teña moito que dicir no futuro. Parécelle á Alcaldesa precipitado facer o recoñecemento que se solicita e mesmo facerllo a ún a non aos outros, non sería xusto e razoable; hai que esperar a ver o percorrido profesional de cada un deles para tomar as decisión con respecto a estes recoñecementos. Toma razón do rogo pero a postura do grupo de goberno é a expresada.

10.2 Grupo municipal do PsdeG-PSOE de forma presencial, de xeito oral, fórmulanse as seguintes:

10.2.1 En relación coa redución do canon do lixo publicada no DOG para o 2019 por parte de SOGAMA, formula as seguintes cuestións:

- ¿Vai solicitar o Concello de Allariz que se aplique a redución do 10% na cuantía, polo canon de tratamento?

- De conseguir a mesma, ¿cómo vai repercutir a redución na taxa que paga a veciñanza de Allariz?

Responde a Alcaldesa sinalando que rotundamente non. Este asunto tratouse nunha reunión da FEGAMP na que incluso se valorou a posibilidade de acudir ó Xulgado porque se considera por parte de todos os concellos unha decisión que carece de todo sentido, vulnera competencias da autonomía municipal. Hai pouco tempo SOGAMA subiu o canon nun 30% que os concellos non repercutiron nos recibos, non parece razoable que agora se minore un 10% se non se repercutiu aquel 30%. Lonxe de paliar o problema ocasionado fai anos, o que faría sería contribuir a aumentalo, porque aínda habería un diferencial en contra dos concellos do 20%. O Concello de Allariz o que vai facer é aliñarse coa liña marcada pola FEGAMP, neste asunto, respecto do cal hai serias dúbidas da súa legalidade.

10.2.2 A Consellería de Medio Ambiente acaba de publicar unha Orde pola que convoca subvencións para a mellora de infraestruturas como son a mellora de rúas e espazos públicos. Tendo en conta as numerosas necesidades que ten o concello, interesa saber se se vai solicitar esta liña de axudas e en qué infraestruturas municipais que se vai empregar.

Responde a Alcaldesa sinalando que sí. Estánse preparando as solicitudes, unha delas é esta. Hai un par de proxectos en carteira pero en principio o mais probable é que se inclúa un tramo de construción da beirarrúa na estrada de Santa Mariña, entre a rúa O Piñeiro até enlazar coa urbanización de O Fuxón. Se ben, puntualiza, esta vía pública é da Deputación Provincial pero como non contesta aos reiterados requerimentos atoparase a fórmula que intentar facelo doutro xeito.

10.2.3 No BOP de 24 de xaneiro de 2019 publícanse as bases reguladoras e convocatoria de subvención para a celebración de festivais, ciclos ou actividades análogas. ¿Vai participar o Concello de Allariz nesta convocatoira? Se é así, ¿para qué tipo de actividades se vai solicitar a subvención?

Responde a Alcaldesa que sí se solicitou, ou alomenos así o considera, pero non pode precisar neste intre para qué tipo de actividades, dado que nestes días están saíndo numerosas convocatorias que teñen que ver co deporte, triatlón e demais, por eso non pode especificar mais.

10.2.4 ¿Fíxose algunha solicitude á Deputación Provincial para actuar nas vías da súa titularidade mediante o esparcemento de sal nas estradas nestes días de fortes xeadas? ¿Qué tipo de medidas adopta o concello de Allariz nas estradas de titularidade municipal para paliar o efectos das xeadas na calzada?.

Responde a Alcaldesa sinalando que se fixo un despliegue de sal (non pode precisar a cantidade)

pero que fixo, por un lado un acopio en determinados centros, p.ex. Centros escolares, para poder paliar os efectos que poideran aparecer durante o día e logo a brigada municipal fixo un despliegue. Fíxose un acopio por parte da Deputación Provincial previo pago. Os problemas nas vías públicas, non obstante, apareceron non os días de xiada senón cando apareceu algo de orballo formándose placas de xeo.

10.2.4 Sobre o Museo do Xoguete. Tal como xa se expuxo na pasada sesión plenaria parece que o Museo do Xoguete non ten espazo suficiente para expoñer as súas coleccións e os fondos almacenados, dende o grupo municipal socialista proponse e roga que se estude a posibilidade de reubicar o museo no edificio que actualmente ocupa a Oficina municipal de Urbanismo na rúa Suárez 21.

Responde a Alcaldesa sinalando que o equipo de goberno considera que agora mesmo nas instalacións da Oficina de Urbanismo desenvólvese unha labor moi importante, xa no seu día acordouse ubicala neste inmovible porque non había outro espazo dispoñible nas oficinas municipais. Polo tanto, vai ser difícil que esta situación cambie. Non está de acordo con esta proposta.

10.2.5 En relación co proceso de adxudicación do restaurante Fábrica Vilanova pregunta cuál é o estado da tramitación desta concesión.

Responde a Alcaldesa sinalando que, precisamente, éla mesma pensaba dar unha explicación ao final da sesión. Fíxose unha adxudicación provisional ao único licitador, o actual concesionario, a partir de eí el mesmo manifestoulle á Alcaldesa que non dispoñía de financiación para facer o ingreso do canon e que polo tanto iba ter que desistir do procedemento. Considera a Alcaldesa que ninguén debería presentarse a un concurso se non dispón de financiación pechada; ésa tiña que haber sido a decisión razoable. Agora, haberá que preparar unha nova licitación, ver de introducir algunha modificación nas bases da convocatoria, non no canon que debe ser de prazo único.

10.2.6 Por último, a portavoz do grupo municipal do PsdeG-PSOE, como ten pendente de recibir resposta a algunha das preguntas formuladas fai tempo roga que se lle habilite algún horario en sábado para consultar os informes e proxectos demandados, engadindo ás peticións o proxecto de reparación da estrada municipal de Paicordeiro e acceso a Meire que foi incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación Provincial así como o proxecto de camiño escolar ao seu paso pola Barreira.

Responde a Alcaldesa sinalando que, precisamente, tiña pensado abordar esta cuestión ó rematar a sesión plenaria para acordar un día e unha hora.

Finalmente, a Alcaldesa, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vintedúas horas e cincoenta e seis minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

A Alcaldesa, María Cristina Cid Fernández.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente acta foi aprobada por acordo unánime dos trece concelleiros que integran esta Corporación Local na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 22 de febreiro de 2019, sen modificación algunha.

O Secretario,
Maximino Jardón Pedras

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE